

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2020/18	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	5 de novembro de 2020
Duración	Desde as 20:48 ata as 22:01 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Secretaria	MARÍA JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
██████████	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
██████████	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
██████████	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
██████████	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
██████████	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
██████████	CARMEN GÓMEZ OTERO (Interventora)	NON
██████████	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
██████████	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	SÍ
██████████	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
██████████	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
██████████	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
██████████	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
██████████	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
██████████	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	M ^a DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, disculpándose polo retraso no seu comezo, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 1 DE OUTUBRO DE 2020

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 1 de outubro de 2020, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

Expediente 78/2020. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DEORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS RELATIVO AO RECOÑECIMENTO AO TRABALLADOR D. MARCOS ANDRÉS CARDELLE ESPASANDÍN DE COMPATIBILIDADE PARA O EXERCICIO DUNHA SEGUNDA ACTIVIDADE.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O Sr. Alcalde pregunta se hai algunha intervención en relación á proposta obxecto deste punto, consistente no recoñecemento ao traballador D. Marcos Andrés Cardelle Espasandín de compatibilidade para o exercicio dunha segunda actividade.

Non habendo intervencións procédese á votación, adoptándose, por unanimidade o seguinte **ACORDO:**

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Persoal de data 27/10/2020, en relación

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





co asunto que se trata de seguido.

Vista a solicitude presentada con data 25 de maio de 2020 (RE 2020-E-RC-3329) por D. Marcos Andrés Cardelle Espasandín, como persoal laboral do Grupo de Emerxencias supramunicipais, ratificada con outro escrito de data 2 de setembro de 2020 (RE 2020-E-RC-7200), en relación coa petición de recoñecemento de compatibilidade para desempeño dunha segunda actividade como técnico de emerxencias fora do seu horario de traballo, a razón de 10 horas semanais e cun importe de 8 euros/hora.

Visto o informe de Secretaría de data 27 de outubro de 2020.

Visto o ditada adoptado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, na sesión celebrada o 29/10/2020.

Visto o debatido nesta sesión,

ACORDAMOS:

Primeiro.- Recoñecerlle a D. Marcos Andrés Cardelle Espasandín a compatibilidade solicitada para a actividade de técnico de emerxencias, que se axustará á normativa aplicable e sempre que se de cumprimento ás limitacións legalmente establecidas.

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado xunto co seu réxime de recursos.

Terceiro.- Inscribir esta incidencia no Rexistro de Pesoal, de ser o caso.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS RELATIVO Á APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO CONXUNTO DO TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA NA ÁREA DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Para explicar este asunto toma a palabra o Concelleiro delegado **D. Alberto Blanco Carracedo**, informando que estamos ante a renovación do Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Santiago de Compostela o cal, no seu conxunto, é moi parecido ao asinado con anterioridade e que supuxo un éxito.

Pide a palabra o voceiro do grupo político municipal do Partido Socialista, **D. Luís López Bueno**, trasladado que considera unha boa decisión a adhesión a este Convenio, polo que o seu grupo votará a favor desta proposta.

Intervén a voceira do grupo municipal de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, manifestando que está a favor da sinatura deste novo Convenio por ser favorable para A Estrada, aínda que considera que podería ser máis, xa que sería moito mellor conectar directamente o noso concello cos hospitais da área sanitaria de Santiago cunha frecuencia diaria, e así facilitar aos nosos veciños, sobre todo aos de maior idade, as súas asistencia aos hospitais.

O **Sr. Alcalde** lle contesta á Sra. Mar Blanco que o expresado non se pode encadrar dentro deste Convenio, xa que afecta máis ao plan de reorganización do transporte público e, nese caso, sería moi difícil polos diferentes horarios das citas médicas, sendo máis fácil o que temos agora,

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 9Q59Q5515G3AKCWEPLJL4MDAJK | Corrección: <https://aelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 17



sobre todo tendo en conta que, unha vez chegado a Santiago (grazas ao transporte metropolitano), o transbordo é gratuito á hora de coller o bus urbano para acudir ao hospital. Continúa informando que, no seu momento, este asunto foi trasladado á Dirección Xeral de Transportes, pero é moi difícil programar un servizo deste tipo ante a necesidade dos usuarios de diferentes horarios segundo ás súas citas médicas, pero valorarase e estudarase un plan para trasladar á nomeada Dirección Xeral.

Pide a palabra a voceira do grupo municipal Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, trasladando o voto favorable do seu grupo á renovación do Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Santiago de Compostela.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación, adoptándose, por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 13 de agosto de 2020, en relación co asunto que se trata a continuación.

Visto o novo borrador de "Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Santiago de Compostela" remitido pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

Visto o acordado na Comisión de Seguimento do Transporte Metropolitano: "*co fin de garantir a continuidade da presente liña de colaboración a partir do 1 de xaneiro de 2021, prevese formalizar o novo convenio de colaboración na primeira semana de decembro; para tal fin, resulta esencial que as certificacións dos correspondentes acordos municipais de aprobación teñan entrada nesta dirección xeral antes do vindeiro 13 de novembro*".

Vista a Memoria Xustificativa asinada con data 10/10/2020.

Visto o informe emitido pola Intervención municipal con data 19/10/2020.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, en sesión celebrada o 29/10/2020.

Visto o debatido nesta sesión.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Aprobar a sinatura do novo Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Santiago de Compostela coa Consellería de Transportes e Mobilidade da Xunta de Galicia.

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde para a sinatura do nomeado Convenio e para a realización de todas as actuacións que se precisen para a súa efectividade.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EDUCACIÓN RELATIVO Á MOCIÓN CONXUNTA DE TODOS OS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Para dar conta deste asunto toma a palabra a Concelleira delegada de Benestar Social, **Dna. Amalia Goldar Cora**, quen explica que, co motivo da celebración o vindeiro 25 de novembro

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 9Q59Q5515G3AKCWEPL4MDAJK | Corrección: <https://aeestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 17



do Día Internacional contra a Violencia de Xénero, os grupos políticos que forman esta corporación, dando unha imaxe de unidade para a loita contra a violencia machista, elaboran conxuntamente unha moción á que procede dar lectura:

“A violencia de xénero supón a representación máis extrema da desigualdade entre mulleres e homes existente na nosa sociedade e un grave atentado contra os dereitos humanos. Trátase dunha violencia que se dirixe ás mulleres polo mero feito de selo e por ser consideradas polos agresores como carentes dos dereitos mínimos de liberdade, respecto e capacidade de decisión. Os poderes públicos nin deben nin poden ser alleos a este problema e así, no ámbito estatal, aprobouse a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no ámbito autonómico, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo.

s grupos que formamos a Corporación do Concello de A Estrada, queremos manifestar que temos moi en conta a aquelas mulleres que sufren a violencia en silencio. Que viviron e viven nun inferno. Mulleres ás que a covid castigou dobremente. Mulleres que conviviron durante uns meses moi longos cos seus agresores, sen posibilidade de escapar. Debes saber que non estás soa. Debedes saber que que non estades soas.

É agora cando máis se deben reforzar os mecanismos de protección á muller. Agora máis ca nunca son necesarias políticas sociais e ferramentas que lle permitan ás mulleres liberarse do opresor, do machista. Non se trata só de alternativas habitacionais, hai que reforzar máis ca nunca o apoio psicolóxico, o asesoramento legal, reforzar e crear novos mecanismos para evitar o risco de exclusión social e económico.

A Estrada leva 5 denuncias por violencia machista durante este ano, 15 menos ca o ano anterior. O ano pasado, en todo Galicia houbo 6.551 denuncias, e este só 1.397. Será que se apagou a violencia? Nós cremos que non. Acendeuse o medo. A pandemia obrigou ás mulleres a convivir co agresor. Estamos controladas. Non temos voz.

Cremos que entre os ámbitos sobre os que se proxecta a transversalidade da igualdade e da prevención e loita contra a violencia de xénero atópase o relativo á formación do persoal empregado público, aspecto éste fundamental no persoal que debe atender as mulleres que sofren esta violencia.

Claro exemplo foi a aprobación do Decreto 70/2017, de 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

A integración da igualdade de oportunidades na totalidade de actuacións das administracións públicas depende, en gran medida, da formación das persoas que traballan nelas. Considérase necesario e imprescindible promover que todo o persoal posúa formación no ámbito da prevención e a loita contra a violencia de xénero.

Esta formación debe abranguer a todos os axentes dos diferentes ámbitos: persoal das administracións públicas, forzas e corpos de seguridade, persoal educativo, sanitario, do terceiro sector ou profesionais do ámbito xurídico.

O deseño de accións formativas pasa de xeito imprescindible por coñecer polo miúdo a lexislación específica en materia de violencia de xénero, pero non pode limitarse a iso. A formación debe orientarse tamén a ofrecer unha atención axeitada, a recoñecer sinais para a detección de casos, a informar sobre os recursos existentes ou a coñecer e aplicar axeitadamente as pautas e protocolos de derivación e/ou intervención.

Así, as entidades locais son para moitas mulleres o primeiro paso para saír do espazo da violencia e de aí a importancia de que o persoal da administración local adquiera unha formación continua (non só dirixida ao persoal dos Centros de Información a Muller e dos servizos sociais).

Por todo o anterior, os grupos políticos que compoñen esta corporación, propoñen:





Insta ao Goberno do Estado a:

Desenvolver as medidas da actuación do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, concretamente as que se recollen no seu Eixo 5 que fai referencia ao impulso da formación dos distintos axentes para garantir a mellor resposta asistencial, xa que para ofrecer ás vítimas de violencia de xénero a mellor asistencia posible é necesario que se amplíe a formación especializada de todos os/as profesionais que interveñen na prevención, protección e axuda psicosocial ás vítimas.

Instar ao Goberno Galego a:

Reforzar o apoio, colaboración e coordinación coas entidades locais en materia de formación do persoal da administración local, concretamente, na sensibilización, prevención e atención integral en materia de violencia de xénero.

O Concello de A Estrada, comprométese:

- 1.- Renovar o noso compromiso coa igualdade de xénero e coa loita contra a violencia machista,*
- 2.- Reforzar as políticas sociais, en especial aquelas de prevención contra a violencia sexista e aquelas que dean novas oportunidades para as vítimas da violencia machista.*
- 3.-.Rexeitar calquera posición política ou social que negue a existencia da violencia machista.*
- 4.- Solidarizarnos coas vítimas e velar polo seu dereito a vivir unha vida digna e plena.*
- 5.- A desenvolver programas e accións formativas específicas en materia de igualdade de oportunidades e violencia de xénero, dirixidas a todo o persoal da administración local (non só dirixida ao persoal dos Centros de Información a Muller e dos servizos sociais) así como a todas as persoas integrantes da corporación municipal.”*

Intervén o voceiro do grupo socialista, **Sr. López Bueno**, para dicir a importancia que ten que este moción leve dentro da súa exposición de motivos dous temas que considera moi importantes, por un lado a formación do persoal público en xeral no tema da violencia contra a muller; e, por outro, que se reflicte a incidencia da pandemia sobre os casos da violencia machista, xa que, como se di nesta moción, houbo unha baixada nas denuncias, polo que considera que, debido ao confinamento polo COVID moitas mulleres viron convertidas ás súas vidas nun inferno e, ao convivir co seu agresor, non podían denunciar nin escapar.

Finalmente, ao considerar que esta moción inclúe unha proposta de acordos a distintos organismos, cumpre coa finalidade coa que se redactou, polo que o seu grupo votará a favor da súa aprobación, agradecendo aos outros grupos políticos a súa participación.

O Sr. Alcalde súmase a eses parabéns.

Toma a palabra a voceira do grupo de **MÓVETE**, **Dna. Mar Blanco**, dicindo que, como colaboradora na redacción desta moción, vai a votar a favor dela, porque cada vez é máis importante a unión para loitar contra esta lacra da violencia machista en todas as súas caras, visualizando ano tras ano ese sufrimento do que moitas mulleres viven presas, sendo tamén moi importante de que dende a administración local se traballe día tras día na prevención e atención ás mulleres vítimas destas violencias.

Intervén a **Sra. Camba Castro**, voceiroado grupo Mixto (BNG), manifestando estar de acordo co todo o texto da moción, sendo moi importante que a administración local aplique, na medida do posible, todas as medidas necesarias para erradicar a violencia machista. Continúa dicindo que a violencia de xénero supón a representación máis extrema da desigualdade entre mulleres e homes existente na nosa sociedade e un grave atentado contra os dereitos humanos, tratándose dunha violencia que se dirixe ás mulleres polo mero feito de selo e por ser consideradas polos





agresores como carentes dos dereitos mínimos de liberdade, respecto e capacidade de decisión. Di que oxalá non se tivera que redactar e aprobar mocións cada 25 de novembro, esperando que chegue o día en que non se teñan que redactar textos expoñendo as medidas a adoptar para erradicar algo que é máis que unha lacra, algo que desgraciadamente forma parte do sistema social e cultural.

Finalmente, traslada o seu voto a favor da aprobación desta moción, agardando que en non moito anos poidamos deixar de facer este tipo de mocións.

O **Sr. Alcalde**, previo agradecemento a todos os membros desta corporación pola unidade na adopción deste tipo de acordo, somete o asunto a votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a moción conxunta de todos os grupos políticos municipais que se transcribe de seguido:

“A violencia de xénero supón a representación máis extrema da desigualdade entre mulleres e homes existente na nosa sociedade e un grave atentado contra os dereitos humanos. Trátase dunha violencia que se dirixe ás mulleres polo mero feito de selo e por ser consideradas polos agresores como carentes dos dereitos mínimos de liberdade, respecto e capacidade de decisión. Os poderes públicos nin deben nin poden ser alleos a este problema e así, no ámbito estatal, aprobouse a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no ámbito autonómico, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo.

Os grupos que formamos a Corporación do Concello de A Estrada, queremos manifestar que temos moi en conta a aquelas mulleres que sufren a violencia en silencio. Que viviron e viven nun inferno. Mulleres ás que a covid castigou dobremente. Mulleres que conviviron durante uns meses moi longos cos seus agresores, sen posibilidade de escapar. Debes saber que non estás soa. Debedes saber que que non estades soas.

É agora cando máis se deben reforzar os mecanismos de protección á muller. Agora máis ca nunca son necesarias políticas sociais e ferramentas que lle permitan ás mulleres liberarse do opresor, do machista. Non se trata só de alternativas habitacionais, hai que reforzar máis ca nunca o apoio psicolóxico, o asesoramento legal, reforzar e crear novos mecanismos para evitar o risco de exclusión social e económico.

A Estrada leva 5 denuncias por violencia machista durante este ano, 15 menos ca o ano anterior. O ano pasado, en todo Galicia houbo 6.551 denuncias, e este só 1.397. Será que se apagou a violencia? Nós cremos que non. Acendeuse o medo. A pandemia obrigou ás mulleres a convivir co agresor. Estamos controladas. Non temos voz.

Cremos que entre os ámbitos sobre os que se proxecta a transversalidade da igualdade e da prevención e loita contra a violencia de xénero atópase o relativo á formación do persoal empregado público, aspecto éste fundamental no persoal que debe atender as mulleres que sofren esta violencia.

Claro exemplo foi a aprobación do Decreto 70/2017, de 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

A integración da igualdade de oportunidades na totalidade de actuacións das administracións públicas depende, en gran medida, da formación das persoas que traballan nelas. Considérase necesario e imprescindible promover que todo o persoal posúa formación no ámbito da prevención e a loita contra a violencia de xénero.

Esta formación debe abranguer a todos os axentes dos diferentes ámbitos: persoal





das administracións públicas, forzas e corpos de seguridade, persoal educativo, sanitario, do terceiro sector ou profesionais do ámbito xurídico.

O deseño de accións formativas pasa de xeito imprescindible por coñecer polo miúdo a lexislación específica en materia de violencia de xénero, pero non pode limitarse a iso. A formación debe orientarse tamén a ofrecer unha atención axeitada, a recoñecer sinais para a detección de casos, a informar sobre os recursos existentes ou a coñecer e aplicar axeitadamente as pautas e protocolos de derivación e/ou intervención.

Así, as entidades locais son para moitas mulleres o primeiro paso para saír do espazo da violencia e de aí a importancia de que o persoal da administración local adquira unha formación continua (non só dirixida ao persoal dos Centros de Información a Muller e dos servizos sociais) .

Por todo o anterior, os grupos políticos que compoñen esta corporación, propoñen: Insta ao Goberno do Estado a:

Desenvolver as medidas da actuación do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, concretamente as que se recollen no seu Eixo 5 que fai referencia ao impulso da formación dos distintos axentes para garantir a mellor resposta asistencial, xa que para ofrecer ás vítimas de violencia de xénero a mellor asistencia posible é necesario que se amplíe a formación especializada de todos os/as profesionais que interveñen na prevención, protección e axuda psicosocial ás vítimas.

Instar ao Goberno Galego a:

Reforzar o apoio, colaboración e coordinación coas entidades locais en materia de formación do persoal da administración local, concretamente, na sensibilización, prevención e atención integral en materia de violencia de xénero.

O Concello de A Estrada, comprométese:

- 1.- Renovar o noso compromiso coa igualdade de xénero e coa loita contra a violencia machista,*
- 2.- Reforzar as políticas sociais, en especial aquelas de prevención contra a violencia sexista e aquelas que dean novas oportunidades para as vítimas da violencia machista.*
- 3.- Rexeitar calquera posición política ou social que negue a existencia da violencia machista.*
- 4.- Solidarizarnos coas vítimas e velar polo seu dereito a vivir unha vida digna e plena.*
- 5.- A desenvolver programas e accións formativas específicas en materia de igualdade de oportunidades e violencia de xénero, dirixidas a todo o persoal da administración local (non só dirixida ao persoal dos Centros de Información a Muller e dos servizos sociais) así como a todas as persoas integrantes da corporación municipal.”*

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Benestar Social, Igualdade e Educación, en sesión celebrada o 29/10/2020.

Visto o debatido nesta sesión,

ACORDAMOS:

Primeiro.- *Instar ao Goberno do Estado a desenvolver as medidas da actuación do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, concretamente as que se recollen no seu Eixo 5 que fai referencia ao impulso da formación dos distintos axentes para garantir a mellor resposta asistencial, xa que para ofrecer ás vítimas de violencia de xénero a mellor asistencia posible é necesario que se amplíe a formación especializada de todos os/as profesionais que interveñen na prevención, protección e axuda psicosocial ás vítimas.*





Segundo.- Instar ao Goberno Galego a reforzar o apoio, colaboración e coordinación coas entidades locais en materia de formación do persoal da administración local, concretamente, na sensibilización, prevención e atención integral en materia de violencia de xénero.

Terceiro.- Este Concello comprométese a:

- Renovar o noso compromiso coa igualdade de xénero e coa loita contra a violencia machista.
- Reforzar as políticas sociais, en especial aquelas de prevención contra a violencia sexista e aquelas que dean novas oportunidades para as vítimas da violencia machista.
- Rexeitir calquera posición política ou social que negue a existencia da violencia machista.
- Solidarizar coas vítimas e velar polo seu dereito a vivir unha vida digna e plena.
- A desenvolver programas e accións formativas específicas en materia de igualdade de oportunidades e violencia de xénero, dirixidas a todo o persoal da administración local (non só dirixida ao persoal dos Centros de Información a Muller e dos servizos sociais) así como a todas as persoas integrantes da corporación municipal.

Antes de pasar á parte de Actividade de Control, o **Sr. Alcalde** pregunta se algún grupo ten algunha moción de urxencia que queira someter á aprobación deste Pleno.

Pide a palabra o voceiro do grupo socialista, **D. Luis López Bueno**, para trasladar unha cuestión de orde, para elo empeza explicando que, con motivo das últimas medidas adoptadas pola Xunta de Galicia por motivo do COVID, A Estrada é un dos concellos afectados, e por esa razón o seu grupo considera que esta corporación debería de facer un pronunciamento de apoio ao sector da hostalaría estradense, porque é un dos que máis padecen as consecuencias, tanto sociais como económicas, da pandemia, se esquecer que están principalmente prexudicados por estas novas restricións. Polo manifestado, convida ao resto dos grupos políticos para que se unan a este pronunciamento e, se é posible, facelo mediante unha moción de urxencia presentada “in voce”, en todo caso que conste en acta coa conformidade e apoio do resto dos grupos.

O **Sr. Alcalde** está de acordo co manifestado, ordenando que conste en acta este pronunciamento de apoio á hostalaría, aínda que lle gustaría que esta manifestación se estendera ao sector servizos, en concreto ao pequeno comercio, porque, ao final, pouca xente vai a ir a mercar con estas medidas tan estritas. Polo tanto traslada o apoio e o recoñecemento a todos os nosos comerciantes e hostaleiros.

O **Sr. López Bueno** pide que, para que non sexa unha mera declaración, sexa engadido o compromiso desta corporación a tomar as medidas de apoio necesarias para aliviar esta situación social e económica dos sectores implicados.

O **Sr. Alcalde** ordena que conste en acta.

Pide a palabra a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, para presentar unha moción de urxencia que, en realidade, foi presentada xa con data 21 de agosto de 2020, relativa á implantación da fibra óptica no rural, e dende esa data aínda non foi tratada en ningunha Comisión Informativa, por esta razón decide traela aquí para ser tratada fóra da orde do día e por urxencia, por considerar que é o momento axeitado para elo, xa que estamos

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 9Q59Q5515G3AKCWEPLJ4MDAJK | Corrección: <https://ae.estrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 17



entrando novamente nunha situación incerta por culpa da pandemia e así adiantarnos ao posible confinamento e que vai a obrigar a moitas persoas a depender de internet en moitos aspectos das súas vidas, por exemplo o teletraballo e o telensino, sen esquecer actividades como a mercadoría ou outros tipos de xestións no que o internet é esencial; ante isto, hai que ser conscientes de que moitas zonas do noso rural carecen de fibra óptica coa dificultades que iso implica para a veciñanza.

Do dito anteriormente, traslada as inquietudes que teñen os/as veciños/as do noso rural por esta carencia e que levan semanas pedindo sinaturas para que se faga chegar a fibra aos seus lugares e parroquias, por esta razón considera que é urxente tratar a moción presentada no mes de agosto e así poder empezar a traballar neste tema mediante os acordos que se adopten nesta sesión.

O **Sr. Alcalde** lle informa que non van a votar a favor da urxencia desta moción, informándolle que lle pediu ao Concelleiro do Rural para que convoque o antes posible a Comisión Informativa correspondente e tratar esta moción. De todos os xeitos lle aclara que moitas das cuestións incluídas nesta moción xa están feitas, porque lévanse moitos meses tratando o plan de expansión da banda ancha no rural coas empresas de telefonía, co Ministerio e coa Xunta de Galicia; di que neste momento temos o compromiso da compañía operadora para que 19.500 vivendas vain a ter cobertura no ano 2021 (80% da poboación, aproximadamente). Di que, a día de hoxe, temos, de 470 núcleos de poboación, en torno a 160 ou 170 con cobertura total de banda ancha (preto dun 30%).

Por outra lado, considera que parte do que recolle a moción non é competencia deste Concello, porque non podemos facer estudos sobre tarifas e custes ao non ser o noso traballo, por esta razón lle recomenda que acepte levar a moción a unha Comisión Informativa e chegar a un acordo para pedirlle ás compañías que fagan un esforzo e instar á Xunta de Galicia e ao Ministerio para que aporten os fondos necesarios para levar a cabo estas actuacións, chegando a unha moción conxunta, porque está claro que a todos nos preocupa este asunto e queremos traballar en aras de levar a todo o noso rural a banda ancha.

Intervén o **Sr. López Bueno** dicindo que o seu grupo vai a votar a favor da urxencia da moción que presenta o Grupo Mixto por dous motivos, un por considerar que é o momento para contrarrestar as opinións do resto das forzas políticas nun asunto tan importante para o rural e, e segundo, porque comprende os sentimentos que ten que ter o BNG nestes intreos por haber presentado unha moción no mes de agosto e que a estas alturas aínda no fora tratada por ningunha Comisión Informativa; a este respecto lembra que cre que todos os grupos teñen mocións pendentes de debater, por iso insta ao grupo de goberno que axilicen os trámites para que ditas mocións sexan tratadas en tempo e forma porque, en caso contrario, perden o seu obxecto, non sendo útiles para os/as veciños/as.

Pide a palabra a **Sra. Mar Blanco Casais**, trasladando o seu voto a favor desta moción polas mesmas razóns que manifestou o voceiro do partido socialista, é dicir, que o tema de internet no rural é un tema moi importante e tamén porque trátase dunha moción presentada fai bastantes meses, ao igual que outras moitas que non son tratadas en tempo e forma, o que está a romper o compromiso de que as mocións se sometan ao Pleno dentro do mes en que foron presentadas, polo que aconsella ao grupo de goberno que se poñan as pilas neste respecto.

O **Sr. Alcalde** reitera que, en canto ao contido da moción, o traballo está feito e a compañía de telefonía está a facer o despregue desa fibra, o que deixa constancia do bo facer deste grupo de goberno por traer a fibra óptica a moitos fogares do rural e do caso urbano. Di que Telefónica está a cumprir co traballo de cara a chegar ao 80% de cobertura no noso rural ao igual que o fixo no seu momento no Polígono e outros lugares máis.

Ante o anterior, debater esta moción non o ve acertado, porque entrariamos a discutir cuestións

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 9Q59Q55H5G3AKCWEPUJ4MDAJK | Corrección: <https://aeestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 17



coas que non coincide en absoluto, ademais está claro que todos estamos de acordo co fondo do asunto, pero, ante o dito, non todo o que figura na moción non é certo nestes momentos polo explicado anteriormente, polo que sería moito mellor chegar a un acordo unánime de todos os grupos.

Volve a intervir a **Sra. Camba Castro** para trasladar o seu desacordo co dito polo Sr. Alcalde en que o Concello non debe meterse nas tarifas, porque aínda que esta administración non fixa as mesmas nas conversacións que mantén coa compañía de telefonía podían tirarlles das orellas, porque non é normal que haia unha tarifa tan excesivamente cara e que imposibilita a moitas persoas acceder ao servizo por carecer de medios para facer fronte ao seu pagamento; polo dito, aínda que sexa unha cuestión da compañía, a administración pública debe estar sempre de lado dos veciños, pero isto discutirase na Comisión, sendo importante que todos os veciños teñan acceso a internet, polo que non é solo unha cuestión de que teñan a fibra.

O **Sr. Alcalde** finaliza dicindo que xa se discutirá cando se someta esta moción á Comisión Informativa na semana que ven.

Sometida a urxencia a votación, esta é rexeitada polos votos a favor dos grupos do Partido Socialista, MÓVETE e Mixto (BNG) e en contra do Partido Popular.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 16 E O 30 DE SETEMBRO DE 2020 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 16 e 30 de setembro de 2020 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2020-1015 ao número 2020-1121 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 30 DE OUTUBRO DE 2020 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 1 e 30 de outubro de 2020 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2020-1122 ao número 2020-1269 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





Inicia a quenda o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, lembrando que nunha anterior sesión díxose que a redacción dos pregos para a contratación do servizo de recollida de lixo estaba en proceso, polo que pregunta se houbo avances significativos en relación a este tema.

Responde o **Sr. Alcalde** que se está a valorar o estudo económico e buscando unha colaboración externa para redactar un prego técnico que sexa sólido de cara á licitación. Di que trátase dun tema lento, desexando que sexa o máis rápido posible.

Continúa o **Sr. López Bueno**, en relación á promesa do grupo de goberno de que se ían a instalar dispensadores de hidroxel nas rúas e nos servizos municipais, sen embargo, a día de hoxe, só se cumpriu o 50%, porque instaláronse nos servizos públicos pero polas rúas non; ante isto, pregunta se esa promesa decaeu ou se se ten previsto levala a cabo.

O **Sr. Alcalde** di que, nun primeiro momento, pensouse en colaborar co comercio local para a instalación de puntos de hidroxel no ámbito urbano, pero despois valorouse con este sector a colocación nos propios locais de comercios e hostalaría, e así se está a facer, previa valoración de que a colocación destes dispensadores polas rúas no era axeitado, o que non quere dicir que se teña descartada esta opción en caso de que sexa necesario.

O **Sr. López Bueno**, ao teor do dito sobre a colaboración co comercio local, pregunta como se está a colaborar.

Responde o **Sr. Alcalde** que fíxose unha merca inicial de produtos de hixiene para repartir entre los locais comerciais e, neste momento, estase a mercar outro lote.

O **Sr. López Bueno** di que, debido ao confinamento pasado, moitos veciños tiveron problemas para cumprir coas súas necesidades máis básicas, polo considera oportuno que os grupos políticos municipais se reúnan para acordar prestar un servizo de atención a estes veciños/as e que solucione este problema.

En relación ao tratado na Mesa de Contratación celebrada no día de hoxe, na que se tratou unha nova RPT, prega que o grupo de goberno dea conta de como transcorreu esa reunión así como do proxecto desa Relación de Postos de Traballo.

Prega que sexan podados os salgueiros existentes no traxecto dende o Pazo de Oca e Riomaio, entre as parroquias de Oca e Loimil, porque dificultan a circulación dos autobuses escolares.

Por outra banda, en relación á manifestación do grupo de goberno de que se ían a reordenar os fondos EDUSI para intentar paliar problemas derivados da pandemia, di que foi contratado un equipo da USC para que elaborara un informe con alternativas económicas para acometer esa reorganización e artellar algún plan con fondos propios municipais; na sesión plenaria pasada preguntou sobre a situación deste informe e o grupo de goberno prometeu dar traslado do mesmo, pero non se lle deu, polo que pregunta se ese informe está entregado ou non.

O **Sr. Alcalde** lle contesta que está feito un borrador e, en principio, está entregado ou a piques de ser entregado, pero tan pronto teña unha copia deste informe se lle facilitará.

O **Sr. López Bueno** quere transmitir dúas cuestións, a primeira é que hai severos atrasos nese informe sobre os prazos iniciais que se manexaban, e, a segunda é que carecer dese informe a esta altura do ano impide que o Orzamento municipal





recolla medidas económicas para atender á crítica situación dos hostaleiros e comerciantes e, en xeral, a promoción económica do noso concello. Continúa, en relación co alumado de nadal, para dicir que observa que o están colocando xa, preguntando cando teñen previsto rematar eses traballos.

Responde o **Sr. Alcalde** que posiblemente ao longo de semana que ven estará rematada a colocación do alumado de nadal co fin de podelo acenden a finais deste mes de novembro.

O **Sr. López Bueno** di que lle gustaría coñecer cal é orzamento fixado para a colocación deste alumado.

O **Sr. Alcalde** lle di que se lle trasladará por escrito esta información, por carecer deste dato neste momento.

Continúa o **Sr. López Bueno** informando da existencia dunha antena no lugar de Abragán, a cal leva máis dun ano sen prestar un servizo óptimo de televisión e a empresa Retegal di que é o Concello o que ten que resolver o problema, polo que pregunta se o Concello ten previsto algún tipo de actuación.

Contesta o **Sr. Alcalde** que é coñecedor deste problema e, falando cun veciño, parece ser que o problema é a existencia duns eucaliptos e outras árbores con excesiva altura e que dificultan a chegada da sinal á antena; ante isto, púxose en contacto co propietario desa masa forestal, o cal manifestou non ter problema en solucionar o problema no que se refire aos eucaliptos, pero con respecto ao resto da vexetación, di que cumpre co establecido na Lei de Incendios e, polo tanto, non ten que facer nada. Por outra parte, di que esa antena non está catalogada como unha infraestrutura básica e, polo tanto, non ten a área de protección que fixa a Lei de Incendios, pero estudárase as capacidades que ten o Concello para obrigar ao propietario desa masa forestal ao corte do resto das árbores que ten alí. Finalmente, aclara que non é un tema sinxelo e se está intentando facer de mediadores entre as dúas partes para solucionar este problema.

O **Sr. López Bueno** lembra que o ano pasado o Sr. Alcalde acudiu a un encontro en Salamanca onde se trataban temas de dependencia e diversidade intelectual e funcional, anunciando posteriormente que obxectivo deste mandato era acadar unha residencia para persoas dependentes, estando en xestión coa Consellería para facer ese investimento a cambio de ceder o terreo na Baiuca; polo anterior pregunta en que quedaron esas negociacións e se hai algún tipo de previsión ao respecto.

O **Sr. Alcalde** aclara que non prometeu ningunha residencia pública en ningún momento, senón que falou do compromiso do grupo de goberno cunha residencia en particular, porque ese modelo de residencias públicas fai tempo que non funciona e, de feito, as que se están facendo nestes últimos anos son da administración pública con capital privado (Fundación Amancio Ortega). Di que en varias ocasións a Xunta de Galicia trasladou a non intención de facer a curto prazo ningunha infraestrutura deste tipo en Galicia, salvo esas sete financiadas pola Fundación Amancio Ortega.

Continúa dicindo que o grupo de goberno considera que é un servizo básico e por iso cre importante ter un concerto cunha residencia que teña a súa base e sede no noso concello; a este respecto, informa que o vindeiro luns someterase á Xunta de Goberno Local o acordo de outorgamento de licenza urbanística de obra maior para a construción dunha residencia en torno da zona deportiva, rúa da Cultura, grande noticia e que conta co apoio do grupo de goberno.





En relación ao terreo da Baiuca, di que está dispoñible para a construción de calquera infraestrutura de servizo público, pero non existe ningunha previsión a curto prazo para a creación dunha residencia pública, pero a administración autonómica non se plantexa facer ese tipo de infraestrutura ante o custo que supón.

O **Sr. López Bueno** tamén valora a construción desta nova residencia, pero estamos a falar de dúas cousas totalmente distintas, polo que lle pide ao Alcalde que non intente unilas.

Continúa, lembrando que o 3 de outubro do ano pasado o Sr. Alcalde asegurou que se está estudando coa Consellería diferentes alternativas para facer posible a construción na Baiuca dunha residencia para maiores que necesiten asistencia. Polo que recrimina ao Alcalde que diga que isto non é un anuncio.

O **Sr. Alcalde** di que se xestiona coa Consellería, a cal é responsable non só das residencias públicas, senón tamén privadas, xa que ste organismo é o que ten que informar favorablemente ou quitar a concurso as prazas ofertadas; polo tanto esa foi a xestión que se fixo e en ningún caso se puxo que o Alcalde da Estrada garanta a creación dunha residencia pública, algo inviable para a Xunta polo que dito antes. Ante isto, tratouse de falar coa Consellería para intentar buscar un inversor para que fixera esa residencia co suficiente número de prazas para dar servizo e atencións aos nosos veciños e, ademais, que a Xunta colaborase na xestión administrativa.

Finalmente, aclara que isto foi o que sempre dixo, considerando que os únicos que falan sempre dunha residencia pública foi o grupo de MÓVETE e, neses momento, expuxo a súa opinión abertamente ao igual que o está a facer neste momento.

O **Sr. López Bueno**, di que o Centro de Saúde da Estrada presentou unha solicitude para realizar tests de antíxenos, pero por decisión da Xunta de Galicia e do SERGAS estas probas fixéronse en cinco centros, entre os que non estaba o da Estrada, ante isto quere preguntar ao Sr. Alcalde cales foron as súas xestións a este respecto.

Responde o **Sr. Alcalde** que as súas xestións foron as que lle trasladou o coordinador do Centro de Saúde da Estrada e que ten a mesma información que ten o voceiro socialista, ao minuto e ao día; esa información é que había que facer ese tipo de proba e que había un comité médico que quería facer unha proba piloto, ante iso púxose en contacto con atención primaria e co propio conselleiro para trasladarlle a vontade do noso Centro de Saúde e o criterio que estableceu a Consellería foi implantar esta proba piloto nos cinco centros onde teñen representantes ese Comité Clínico e, deste xeito, testar esa proba para despois estendela polo resto dos centros de saúde galegos. Polo dito, di que é unha decisión na que non vai a entrar a cuestionar, porque a política ten uns límites, entre outras cousas porque se trata dun Comité Médico, que si existe en Galicia e non como no resto de España, onde se trata dun Comité fantasma que asesora ao goberno; ademais é mellor que, como políticos, non metamos moito a mans, xa vemos o que está a pasar no goberno central, así que hai que deixar que os que saben tomen as decisións e evitar incidir nas decisións e o traballo dos que realmente entenden este problema e non facer como o goberno central que se mete en todo e así nos vai, tomando decisións erradas dende o comezo da pandemia. Polo tanto entende o defecto profesional do Sr. López Bueno, xa que como bo socialista que é quere meter as mans en todos os asuntos e cuestionando os criterios médicos.

O **Sr. López Bueno** para trasladar a súa dúbida de que o Alcalde chamara a algún



lado, confirmando coa súa resposta que foi unha decisión política, xa que o SERGAS decidiu poñer os test nos centros onde estaban os membros do Comité Médico, é dicir, que non se utilizou ningún tipo de criterio clínico; ademais di que o Alcalde contradixese, porque dixo que a decisión fóra do Comité Clínico, cando non é verdade, porque foi unha decisión política do SERGAS; e como o Sr. Alcalde non tiña nin idea de que isto estaba en marcha pois, evidentemente, non puido facer nada. Polo anterior, como da resposta do Sr. Alcalde non se deducen explicacións claras, vaise a dar por non respondido.

Manifesta o **Sr. Alcalde** que non sabe que foi o que non entendeu o voceiro socialista, pero, se quere, llo explica novamente, así que di que na medicina tamén hai política e hai tamén moito político frustrado, por iso volve a reiterar que el tiña esa información de xeito inmediato, algo que pode demostrar porque soe comunicarse co Doutor Sánchez a través do wassap, e por este medio este lle pediu axuda para que estas probas se fixera no noso centro de saúde e, inmediatamente, púxose en contacto coa Consellería a cal lle informan como se toman as decisións a este respecto e que ditas probas faranse nos centros de saúde dos membros do Comité Médico, algo que lle parece razoable e non cuestiona esa decisión e, polo tanto, non se sente partícipe, nin culpable nesta cuestión.

Di o **Sr. López Bueno** que o Alcalde acúsalle de varias cuestións, pero si non cuestiona unha decisión que non se fundamenta en criterios médicos, entón ¿para que chamou a Atencións Primaria?.

O **Sr. Alcalde** pregunta se quere que llo explique de novo, reiterando a súa explicación anterior.

(NESTE MOMENTO ÉNTRASE NUNHA SERIE DE DESCUALIFICACIÓNS ENTRE O SR. ALCALDE E O SR. LÓPEZ BUENO, QUE NON SE TRANSCRIBEN POR NON TER CABIDA NO ASUNTO A TRATAR, QUEDANDO REFLEXADAS NAS GRAVACIÓNS DE AUDIO).

Inicia a súa quenda a voceira do grupo de MÓVETE, **Dña. Mar Blanco Casais**, para recordar, en relación á residencia pública, que se aprobara nunha sesión plenaria instar á Xunta de Galicia máis prazas para os maiores da Estrada, así como que tamén se lle deu luz verde no Parlamento á Residencia da Estrada, de feito o compromiso era empezala a construír antes de que rematara o ano 2020, o que deixa en entredito ao equipo que está gobernando da Xunta.

Responde o **Sr. Alcalde**, pola parte que lle toca, que o seu grupo prometeu que fan a loitar por unha Residencia que tivese unha porcentaxe de camas concertadas para os veciños da Estrada, pero en ningún momento se comprometeu á construción dunha Residencia pública, xa que é sabedor da situación existente actualmente na Xunta de Galicia e que a situación económica non permite na actualidade a xestión de este tipo de servizo público e, contra este criterio, non pode loitar. Di que a parte que lle toca é loitar e buscar a maneira que se constrúa unha residencia concertada no noso municipio, e así o fixo, sinal é desa nova Residencia a que lle vai a dar licenza o vindeiro luns.

A **Sra. Mar Blanco** discrepa dese criterio da Xunta e lamenta que o Sr. Alcalde o asuma.

Continuando coa súa intervención, queixándose de que se leva máis dun ano esperando que se recolla o lixo en determinadas parroquias, de feito en Sabucedo levan tempo esperando para que se lles pase a recoller os voluminosos dende fai máis dun ano, polo que non sabe cando o Punto Limpo vai a empezar a funcionar en condicións.





Reclama tamén melloras para o parque infantil de Sabucedo.

Reitera a queixa provocada pola contaminación existente na Barranqueira, na Ponte Nova, preguntando se se actuou ante este problema, aínda que supón que non porque a semana pasada se lle avisou da existencia doutro punto de contaminación pola parte de atrás da moblería de Valcárcel.

En relación á extensión da fibra óptica no rural, considera necesario que foran publicados os avances na súa conexión e como se van a ir conectando por lugares nas próximas fases, e así os veciños poidan saber cando van a ter conexión, xa que están interesados neste asunto, exemplo diso son ás mais de cen sinaturas recollidas polos veciños de Couso. Polo anterior considera que publicar na web municipal estes datos e avances non costa traballo.

Prega que se faga unha revisión dos marquesinas, porque en determinados lugares o seu estado é precario, obrigando aos rapaces e rapazas teñen que esperar á choiva o transporte escolar.

Con respecto a este último rogo, o **Sr. Alcalde** lle contesta que ao inicio do curso escolar fíxose unha revisión e o arranxo ou cambio das marquesinas, polo que entende que todas están en bo estado, sen embargo, se a Sra. Blanco é sabedora dalgunha en mal estado lle agradecería que o informara.

Infórmasele por outros concelleiros que as de Loimil e Portela necesitan de arranxo ou substitución.

Toma a palabra a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, para preguntar sobre a solicitude de colocación de dous espellos de tráfico, un na saída do CEIP Pérez Viondi e o outro na saída da pista dos Cebados cara a Barbude. Prega que todas as medidas que se están a tomar por mor do COVID sexan colgadas na páxina web municipal e cunha explicación, porque a veces hai confusións sobre o que se pode ou non facer, mal interpretando as noticias da televisión e da radio.

En relación coas persoas que están a gardar corentena polo COVID, di que se lles facilitou un teléfono do concello para dirixir as súas dúbidas ou solicitudes de axuda, sen embargo cando chaman se lles dirixe a outro teléfono, provocando que se formen moito lío, e que, ao final, acaben intentando solucionalo por eles mesmos; ante isto pregunta se se pode simplificar este servizo e se se lles pode dar unha información máis directa.

Reitera un rogo tratado noutra sesión plenaria en relación coa queixa dun grupo de estudantes universitarios polos problemas que teñen co horario de autobús; a este respecto, están elaborando unha solicitude dirixida á Dirección Xeral de Transporte e outra a este Concello para saber se se está a solucionar esta situación; ante isto pregunta se dende o grupo de goberno se sabe como está esta situación.

O **Sr. Alcalde** lle lembra que quedara en trasladarlle á Dirección Xeral de Transportes ese escrito ou solicitude dos estudantes, recordando que nesa sesión plenaria quedarase en que presentaran a súa solicitude de horarios para que, dende o Concello, se lle comunicara a ese outro organismo. De todos os xeitos, se pensar remitir a solicitude a ese organismo, entón chamará directamente á Dirección Xeral de Transportes para insistir na solución dese problema.

Non habendo máis intervencións polos membros da corporación, o **Sr. Alcalde** pregunta, en cumprimento do establecido no Regulamento de Participación Cidadá, ao público asistente se teñen algunha pregunta ou rogo que trasladar nesta sesión, e, non pedindo a palabra ninguén, procede a levantar a sesión sendo as vinte e dúas horas e un minuto do día do seu comezo.





Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións.

De todo o anterior faise cumprimento.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 9Q59Q55H5G3AKCWEPL4MDAJK | Corrección: <https://aeastrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 17

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233